

Obxecto:	Informe do Estudo de Impacto Ambiental (EslA) e Proxecto de Interese Autonómico (PIA)
Proxecto:	Parque eólico Serra do Furco
Localización:	Becerreá (Lugo)
Promotor :	Enel Green Power España S.L.
Remitente:	Servizo de Enerxía e Minas. Xefatura Territorial de Lugo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.
S/clave:	IN 408A/2020/087
Data rexistro:	13.09.2022
Expedientes:	03.I.654.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA3204/2021 (Servizo de Arquitectura)

O 13.09.2022 entrou no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Lugo da Vicepresidencia Primeira da Consellería de Economía, Industria e Innovación no que se solicita que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (en diante, DXPC) emita o correspondente informe sobre os documentos sinalados na cabeceira, de acordo co artigo 33.12 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, o artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e o artigo 34.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Para iso achéganse os enlaces para descargar os documentos: Estudio de Impacto Ambiental e Proxecto Sectorial do Parque Eólico Serra do Furco, Becerreá (Lugo).

ANTECEDENTES:

O 23.10.2020 a DXPC autorizara a arqueóloga M^a José Bóveda Fernández para realizar unha prospección arqueolóxica para o Estudio de Impacto del Patrimonio Cultural del Parque Eólico Serra do Furco, Becerreá (Lugo) presentado pola empresa Enel Green Power España S.L.(CT 102A 2020/856-0).

O 15.11.2021 a DXPC emitiu un informe sobre o Documento de Inicio Parque Eólico Serra do Furco 40 MW. Maio 2020 dentro do trámite de avaliación de impacto ambiental ordinaria. No devandito informe indicouse, entre outros aspectos, a necesidade de contar cunha avaliación do impacto que terá o proxecto sobre o patrimonio cultural, e que se deberían respectar os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural quedando libres de obra nova relacionada co parque eólico e a súa liña de evacuación. A obra nova que se planea dentro do contorno de protección de bens arqueolóxicos debe de desprazarse fóra deles:

- Área de xiro e a subestación nos elementos Medorra da Cabeza do Río 1 (GA27006019), Medorra de San Pedro 2 (GA27006034), Medorra da Cabeza do Río 2 (GA27006027).
- O aeroxerador SF-4 no túmulo Medorra de Louseira (GA27006020).

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Disposicións legais a ter en conta en relación co patrimonio cultural:

- Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE núm. 294, do 06.12.2018)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia. (DOG do 14.01.2021)



- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (DOG do 19.02.2016)
- Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27.05.2022).
- Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.(DOG núm. 126, do 04.07.2022)

Á vista da documentación remitida, e en relación co patrimonio cultural, tense en conta o expresado nos informes dos servizos técnicos:

Análise da documentación

Estudo de impacto ambiental (EslA)

- Ten por obxecto a caracterización e avaliación dos impactos que se prevén xerar pola implantación do proxecto do Parque eólico Serra do Furco localizado no concello de Becerreá na provincia de Lugo, así como o establecemento de medidas preventivas e correctoras destinadas a minimizar o mesmo. O Parque eólico Serra do Furco contará con sete turbinas eólicas SG170 (cinco turbinas eólicas de seis MW e dúas de cinco MW, sendo a potencia total nominal do parque de 40,00 MW). As dimensións das turbinas son 170m de diámetro de rotor e 115 m de altura ao eixe. Construírse ademais unha SET e unha torre meteorolóxica, ademais das instalacións, gabias para cableado e camiños de acceso e servizo. Todas as instalacións se atopan referenciadas en coordenadas UTM ETRS89.
- A evacuación da enerxía eléctrica xerada polas turbinas eólicas realizarase mediante liñas de media tensión (LMT) subterránea (33kV) á SET "Serra do Furco" a través das liñas subterráneas correspondentes, e evacuarase a través dunha liña de alta tensión (LAT) a 220 kV, obxecto doutro proxecto.
- No apartado 3 do documento analízanse tres alternativas para a construción do parque eólico (0, 1 e 2), sendo escollida a alternativa 2 porque, segundo o equipo redactor do estudo, é a que ofrece maior aproveitamento eólico e ten menor afección ambiental, incluído o patrimonio cultural.
- No apartado 4 sinálase que se acondicionarán 5.424 m de camiños no parque eólico para acceder ás turbinas eólicas que aproveitarán no posible as trazas existentes (3,9 km de nova construción e 1,5 km de vías modificadas). As gabias para as instalacións eléctricas, evacuación de enerxía e de control do parque recorrerán preferentemente pola beira dos camiños e terán marcos de sinalización. Prevese a construción de 8.630 m de gabias.
- No referente aos accesos ao parque eólico, haberá dous accesos diferenciados dende a estrada DP-07-08, un para a turbina eólica SF-07 e outro para o resto do parque (sinálase emprazamento e coordenadas).
- No apartado 5, Inventario Ambiental, epígrafe 5.8 Patrimonio cultural, etnográfico e industrial, sinálase que consultada a cartografía do Plan Básico Autonómico de Galicia (PBA), as infraestruturas do parque non interceptan ningún ben de interese cultural (BIC), nin ningunha área de protección integral, así como ningún dos seus contornos de protección (recollese un área de 20 km á redonda). Indícase así mesmo que se comprobaron os elementos catalogados do patrimonio cultural, así como os seus contornos de protección (nunha distancia de ata 5 km) con respecto as turbinas eólicas. Sinálase tamén que se fixo un informe sobre o impacto arqueolóxico (con prospección arqueolóxica) e remite ao Anexo IX (o citado estudo é o Anexo XI) do EslA. Achégase un plano no que se localizan os xacementos dentro da poligonal do parque en relación coas obras proxectadas. Este apartado recolle tamén os instrumentos de ordenación urbanística do Concello de Becerreá (Normas Subsidiarias de Planeamento -NSP- de 1995).
- No apartado 6 do EslA, Estudio de efectos sinérgicos, remite ao Anexo III da memoria.
- No apartado 7, Identificación, caracterización y valoración de afeccións sobre el medio natural, détéctase que no caso do patrimonio cultural hai posibles afeccións aos xacementos arqueolóxicos polos traballos de preparación do terreo e obra civil, sobre todo na fase de construción.



- A caracterización e valoración dos impactos analízanse no apartado 8, sinalando que se empregan os termos que recolle a Lei 21/2013 sobre avaliación de impacto ambiental. A valoración de impacto global do proxecto segundo o EsIA cualifícase como compatible. No que atinxe ás medidas preventivas, correctoras e compensatorias en relación co patrimonio cultural e arqueolóxico (apartado 9 do EsIA, epígrafe 9.1.7) sinálase que se establecen as medidas propostas polo Estudio de Patrimonio Cultural (Anexo 11 do EsIA), remitindo tamén ao disposto na Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- No Anexo 02 achégase o Estudio de Impacto e Integración paisaxística, onde se analiza a visibilidade desde os núcleos de poboación e elementos de interese paisaxístico e cultural. Os tramos do Camiño de Santiago interceptados pola envolvente de 20 km serían o Camiño Francés e o Camiño do Norte Interior, que se sitúan moi afastados das infraestruturas do proxecto a 13,63 km e 13,49 km respectivamente. No referente aos elementos patrimoniais, indícase que o proxecto sería visible desde un BIC e desde 188 elementos incluídos no PBA. Achéganse simulacións infográficas (6) no apartado 6.4, Simulaciones Infográficas del Proyecto.
- No Anexo III (03), Estudio de efectos acumulativos y sinérgicos, apartado 8.2.8, Afección al patrimonio cultural y arqueológico, indica que estas posibles afeccións indirectas non son significativas e remite ao Estudio de Impacto e Integración Paisaxística (Anexo 02), apartado 6.6.3, Grupo de impactos sobre el significado histórico.
- Como Anexo 11 achégase a Memoria técnica del estudio de impacto cultural parque eólico Serra do Furco, término municipal de Becerreá provincia de Lugo, asinada pola arqueóloga M^a José Bóveda Fernández (Gabinete de Arqueoloxía). A actuación arqueolóxica realizada que serviu de base para a súa redacción consistiu nunha prospección arqueolóxica extensiva de toda a poligonal e intensiva no ámbito dos 200 m a partir das infraestruturas proxectadas, e deu como resultado a localización de 18 elementos arqueolóxicos e unha referencia toponímica en Sarceada (Castro/Seara do Castro).
- Como resultado dos traballos arqueolóxicos realizados localízanse no espazo analizado 19 elementos arqueolóxicos: 8 mámoas máis 1 referencia a outro posible túmulo, 3 asentamentos protexidos, 2 explotacións mineiras, 1 cova con enterramentos, 1 achado illado, 2 áreas de control arqueolóxico de roza por posibles indicios e unha referencia toponímica (Castro/seara do Castro).
- Achéganse fichas dos elementos localizados no ámbito da prospección intensiva, actualizadas á data de entrega, tanto nas imaxes como na descrición dos xacementos. Recóllense todos os elementos da poligonal e analízanse os impactos e medidas correctoras en fichas individualizadas para o que se fan dous apartados: un para os elementos afectados polas obras (os que se sitúan dentro da contorna de 200 m), e outro para os elementos situados dentro da poligonal do parque pero lonxe das obras (máis alá dos 200 m).

Sinálase a incidencia das obras sobre os elementos protexidos e valórase o impacto como compatible, moderado, severo ou crítico en función da localización, distancia e tipo de obra que os poderían afectar. Xustifícase a avaliación dos impactos en función das causas ou axentes que os provocan e establécense as medidas correctoras que se consideran axeitadas para cada caso. Entre as medidas correctoras que se propoñen en función dos impactos establécense medidas mínimas e recomendadas para cada xacemento. Asemade propóñense medidas de carácter xeral e outras específicas para cada xacemento.

Como medidas correctoras de carácter xeral a ter en conta durante as obras que afectan a todo o espazo da poligonal sinálanse:

- Sinalización nos planos de obra de todo-los elementos patrimoniais existentes dentro da área de afección do proxecto construtivo e das súas bandas de protección legal.
- Non se realizarán remocións nin amoreamentos non previstos en ningunha zona da obra sen consultar previamente co equipo arqueolóxico que leve a cabo os traballos de control patrimonial das obras. Calquera obra de reforma ou modificación de camiños ou viais non prevista no proxecto, deberá contar coa aprobación e supervisión deste equipo.



- As obras de construción das plataformas, zapatas e resto de infraestruturas restrinxiranse ás áreas marcadas para tal fin, tal e como queda reflexado na planimetría.
- Quedará prohibido o tránsito e/o estacionamento de maquinaria fóra das áreas habilitadas a tal fin, especialmente no entorno dos bens patrimoniais recollidos neste documento e os seus respectivos ámbitos de protección.
- Para o balizado dos bens empregaranse elementos de carácter permanente, tipo cercas de madeira, que se retirarán unha vez finalicen os traballos de construción do parque.

Como medidas correctoras específicas para os bens arqueolóxicos propóñense as seguintes:

Elemento	Cualificación e axentes de impacto	Medidas correctoras específicas
Monte Travesa, castro (GA27006036)	Sen Impacto. O xacemento está situado na poligonal, lonxe das obras proxectadas.	Non se considera necesario establecer medidas correctoras específicas.
Referencia Medorra de San Pedro, mámoa. (RE27006011)	Unha pista asfaltada que se utilizará como acceso ao parque ao oeste da referencia. Por non considerarse a elemento de carácter patrimonial, non se estima que exista incidencia. A referencia aparecerá grafada na cartografía da obra.	No estudo estimase necesario revisar por parte da DXPC o estado actual do elemento e considerar eliminalo dos catálogos.
Os Castros, castro (GA27006005)	Sen impacto. Está situado na poligonal, lonxe do obras proxectadas.	Non se considera necesario establecer medidas correctoras específicas.
Rego das Minas, mina (GA27006074)	Sen impacto. Está situado na poligonal, lonxe de as obras proxectadas.	Non se considera necesario establecer medidas correctoras específicas.
Castro da Torre, castro (GA27006047)	Sen impacto. Xacemento desaparecido, localizábase no poligonal e lonxe das obras proxectadas.	Non se considera establecer medidas correctoras específicas.
Cova do Furco-Cova dos Penedos (GA27006002)	Sen impacto. Xacemento está situado na poligonal, afastado das obras proxectadas.	Non se considera establecer medidas correctoras específicas.
Groba da Pena do Valín, mina (GA27006046)	O xacemento atópase na poligonal, pero lonxe das obras proxectadas.	Non se considera establecer medidas correctoras.
Área de control de Forno do Rio	Compatible	Control da tala, limpeza e a eliminación de vexetación abarca a área do futuro SET.
Área de control Indicio de Chan de Lamelas.	Compatible	Control da limpeza e eliminación de vexetación e control das obras



		abrangue todas as obras que se executen nas proximidades da turbina eólica SF01.
Medorra dos Lagorzos 1, túmulo. (GA27006023)	Impacto moderado. A vía que se pode utilizar como acceso ao parque pasa a poucos metros ao leste do xacemento. A gabia do cableado está proxectado a 134 metros ao oeste do túmulo. A vía non precisará de arranxos pero o paso ou estacionamento de maquinaria de obra neste acceso podería afectar negativamente o xacemento.	Balizar a zona próxima ao túmulo, controlar e seguir as obras segundo estimación da dirección do proxecto arqueolóxico Control e seguimento das obras de execución da gabia de cableado
Medorra dos Lagorzos 2, túmulo. (GA27006028)	Impacto moderado. A vía que se pode utilizar como o acceso ao parque pasa a poucos metros ao oeste do xacemento. A gabia do cableado está proxectada a 148 metros ao oeste do túmulo. A vía non precisaría de arranxos pero o paso ou estacionamento de maquinaria de obra neste acceso pode afectar negativamente o xacemento.	Balizar a zona próxima ao túmulo (zona oeste da estrada) Controlar e seguir as obras segundo estimación da dirección do proxecto arqueolóxico.
Medorra de San Pedro 1, túmulo. (GA27006032)	Impacto moderado. O vial de acceso ao parque pasará polo leste do depósito modificando unha pista de terra existente, a gabia do cableado está deseñada a 10 metros ao leste do elemento, ao outro lado da pista. Indícase que hai dúbidas sobre a natureza arqueolóxica do elemento, para o que se estima impacto moderado ao ser un elemento catalogado.	Limpar o perfil para expor as características do xacemento. Balizar a marxe oeste da estrada para evitar que as obras non afecten o elemento inventariado, limpar a vexetación que o cobre para poder valorar o seu interese patrimonial real e no caso que non sexa un elemento antrópico quitalo dos catálogos seguindo o establecido na Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
Medorra de San Pedro 2, túmulo. (GA27006033)	Impacto moderado. Non se localizaron restos do xacemento durante os traballos de prospección. Considerouse como localización a que aparece recollida na xeorreferenciación da DXPC, que a sitúa nunha zona limpa de vexetación. As obras máis próximas son a apertura da estrada entre as turbinas eólicas SF04 e SF05, a 30 metros ao sur dese punto. Tendo en conta a proximidade das obras, e a pesar de non atopar restos visibles do túmulo, o impacto considérase como moderado.	Todas as obras que supoñan a retirada de terras na banda de protección do túmulo contará con control e vixilancia arqueolóxica. Estes traballos deben ser de control na obra nunha franxa de 50 metros a ambos lados do xacemento, a colocación



		tamén terá o mesmo tipo de supervisión do xeo-téxtil así como as primeiras capas de achegas.
Medorra de Cabeza de Río 2, túmulo. (GA27006027)	Impacto severo. A vía que une as turbinas eólicas SF03 e SF04 pasaría a uns 25 metros ao suroeste do túmulo, ao outro lado dun camiño existente. Outro camiño existente pasa a 30 metros ao sur do xacemento; a gabiá de cableado discorre 38 metros cara ao suroeste, ao outro lado da estrada. As obras da construción da nova vía e o paso de maquinaria pola vía existente pode chegar a afectar negativamente ao xacemento.	Sinalizar de xeito permanente o lado leste e sueste da estrada na zona dos tres túmulos que forman a necrópole. Os movementos de terra realizaríanse baixo control arqueolóxico e non podería exceder en ningún momento, en dirección leste, o límite das obras indicado no plano do sitio, priorizaríase o uso de achegas para minimizar os traballos de escavación na contorna do xacemento. Entre o solo e as achegas colocaría-se un elemento illante, tipo xeo-téxtil. Faríase un muro de contención que servirá de freo a posibles desprazamentos de terra cara o xacemento. Os movementos de terras na banda de protección do túmulo contaría con control arqueolóxico nunha franxa de 50 metros a ambos lados do xacemento. A colocación xeo-téxtil tamén terá supervisión arqueolóxica.
Achado Aixadiña de Cerdeiroa.	Impacto Severo. As obras de construción da turbina eólica SF01 están a uns 40 metros ao sur do lugar de aparición do artefacto, a estrada que vén da turbina eólica está a escasos dous metros da zona de aparición. As obras de construción na zona pode afectar outros materiais que actualmente non son visibles na superficie.	O contorno do achado sería revisado cunha metodoloxía de cobertura total.
Madorra da Louseira, túmulo. (GA27006020)	Impacto crítico. A vía de acceso que une as máquinas SF04 e SF05 pasaría pola base do túmulo, utilizando o trazado dun camiño existente que secciona o sector occidental do depósito. A gabiá do cableado pasa 12 metros cara ao oeste, do outro lado da estrada. As obras de mellora da estrada implican o seu	Perfil estratigráfico do corte do túmulo, delimitación e sinalización permanente do túmulo pola marxe leste da vía na



	desprazamento cara ao oeste e o uso de achegas para minimizar o efecto sobre o terreo. Considérase o impacto como crítico debido, entre outros factores, porque un paso incontrolado de maquinaria pola vía existente que podería afectar negativamente o xacemento.	zona inmediata á mámoa. Os traballos de replanteo da nova estrada realizaríanse baixo control arqueolóxico sen exceder o límite da ruta actual cara ao leste. Os traballos de construción da vía realizaríanse priorizando as achegas para minimizar os traballos de escavación na contorna do xacemento. Retiraríase só a capa superior do terreo, buscando a menor incidencia nos niveis intactos, e colocaría un elemento de illamento (xeo-téxtil) entre os aportes e o solo para sinalar a diferenza entre as zonas intactas e a soleira da vía. Todos os movementos de terras na zona de protección do túmulo levarían control arqueolóxico nunha franxa de 50 metros a ambos lados do xacemento. A colocación do xeo-téxtil e as primeiras capas de achegas terían control arqueolóxico.
Medorra de Cabeza de Rio 1, túmulo. (GA27006019)	Impacto crítico. A vía que une as turbinas eólicas SF03 e SF04 pasaría a uns dous metros ao oeste do túmulo, utilizando un camiño existente que seccionou o xacemento, aínda que se afasta do perfil afectado do túmulo. A gabiá do cable pasa 13 metros cara ao oeste, ao outro lado da estrada. Os traballos da construción da nova vía e o paso de maquinaria pola estrada existente pode chegar afectar negativamente o xacemento e pode expor restos da metade occidental aparentemente desmantelada ao longo do camiño. Aínda que as obras de mellora da vía implican o seu desprazamento cara ao oeste e o uso de achegas para minimizar o efecto sobre o terreo, considérase o impacto como crítico.	O túmulo e a súa banda de protección aparecerían grafados na cartografía da obra. Limparíase o perfil do xacemento cortado pola pista, facendo un rexistro gráfico dos resultados. Delimitaríase o túmulo de xeito permanente ao lado leste da estrada na zona inmediata ao xacemento. Todos os traballos de replanteo da nova estrada realizaríanse baixo control



		arqueolóxico, non excedendo en ningún momento en dirección leste o límite do camiño actual. Os traballos de construción da vía realizaríanse priorizando o uso das achegas para minimizar os traballos de escavación na contorna deste xacemento. Retiraríase só a capa superior do terreo, buscando a menor incidencia nos niveis intactos. Colocaríase un elemento illamento, tipo xeo-téxtil, entre estes aportes e o solo, sinalando a diferenza entre as zonas intactas e a soleira da estrada. Os movementos de terra na zona de protección do túmulo contarían con control arqueolóxico nunha franxa de 50 metros a ambos lados do xacemento a colocación do xeo-téxtil tamén terá control arqueolóxico.
Medorra de San Pedro 3, túmulo. (GA27006034)	Impacto crítico. A pista existente pasa rozando o túmulo no seu sector occidental, e a vía de acceso entre as turbinas eólicas SF03 e SF04 está proxectada no outro lado desta pista a 5,5 metros ao oeste da base do xacemento. A gabia de cableado está deseñada a 16 metros ao leste do túmulo, ao outro lado do novo camiño. Aínda que as obras de mellora do camiño supoñen o seu desprazamento cara ao oeste e o uso de achegas para minimizar o efecto sobre o solo, considérase o impacto como crítico debido a que o paso de maquinaria pola vía existente podería afectar negativamente o xacemento.	Sinalizaríase de xeito permanente o lado leste da vía na zona dos tres túmulos que forman a necrópole, e o valado permanecería en todo momento a máis dun metro da base do túmulo GA27006034. Limparíase o perfil do xacemento cortado pola pista, facendo un rexistro gráfico dos resultados. Delimitaríase o túmulo pola marxe leste da vía na zona inmediata ao mesmo. As obras da nova vía realizaríanse baixo control arqueolóxico e non



		excederían en dirección leste, cara ao túmulo, o límite da ruta actual. Priorizaríase o uso de achegas para minimizar os traballos de escavación na contorna do xacemento. Retiraríase só a capa superior do terreo, buscando a menor incidencia nos niveis intactos. Poríase un elemento de illamento tipo xeo-téxtil entre os aportes e o solo, sinalando a diferenza entre as zonas intactas e a soleira da estrada. As obras que supuxesen a retirada de terras na banda de protección do túmulo contarían con control arqueolóxico nunha franxa de 50 metros a ambos lados do xacemento. A colocación do xeo-téxtil e as primeiras capas de achegas terían o mesmo tipo de supervisión.
--	--	--

- Os elementos de carácter arquitectónico e etnolóxicos identificados son os seguintes:
 - Igrexa parroquial San Xoán de Furco, situada a 1.122 m do aeroxerador SF04, a arqueóloga que redactou o estudo non considera que exista impacto polo que propón, como medida correctora xeral, que figure, xunto coa súa banda de protección, na cartografía de obra.
 - Chozo da Carrocheira, situado a escasos 20 m do aeroxerador SF06. Cualificado o impacto como severo, propónse ademais da sinalización na cartografía de obra, unha medida específica consistente nun balizado estable con madeira que rodee por completo os restos da construción, ata finalizar as obras.

Proxecto sectorial

- Ten por obxecto realizar a ordenación territorial dos terreos afectados pola implantación do Parque eólico Serra do Furco, Becerreá (Lugo), localizado no termo municipal de Becerreá na provincia de Lugo.
- No apartado 7.1.1, Planeamiento Urbanístico del Ayuntamiento de Becerreá, indícase que a infraestrutura do parque eólico se sitúa na parte central do concello de Becerreá. Tamén se analiza a súa relación coa normativa urbanística afectada vixente, sinalando que o concello de Becerreá réxese polas Normas Subsidiarias de Planeamento, aprobadas o 28.04.1995 e por diversas modificacións puntuais destas. O trazado das instalacións proxectadas transcorre por Solo Non Urbanizable.
- Sínálase que segundo o disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o planeamento cualificará o solo afectado como solo rústico de especial protección pola lexislación



sectorial de protección do medio marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas ou para a protección das actividades agrícolas, gandeiras, forestais, paisaxístico, ambiental, natural ou cultural.

- No Anejo I, Análisis de Compatibilidad estratégica (ACE), 1.2.4. Conservación del Patrimonio Natural y Cultural, sinálase que a localización prevista do parque non inclúe terreos pertencentes a ningún Espazo Natural Protexido (ENP) declarado pola Consellería de Medio Ambiente ou pola Xunta de Galicia. No apartado 1.4. Relación con los elementos territoriales estratégicos, epígrafe 1.4.1. Patrimonio, paisaje natural y cultural, indícase que desde o punto de vista do patrimonio cultural, realizáronse estudos relevantes de xacementos arqueolóxicos e como resultado deles adaptáronse as infraestruturas do parque, co obxectivo de minimizar a afección sobre o patrimonio.
- Cotexados os datos e a planimetría do PE Serra do Furco (Lugo), compróbase que non existe diferenza nas características do proxecto en ambos documentos, Proyecto Sectorial e Estudio de Impacto Ambiental/Documento 11, Estudio de Impacto Cultural.

Unha vez analizados os documentos pódense facer as seguintes consideracións técnicas:

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como a planificación municipal, o PBA de Galicia e os visores do Instituto de Estudos do Territorio, constátase que na zona de implantación do parque eólico existen bens do patrimonio cultural que poderían verse afectados polas obras da infraestrutura eólica, e que se recollen e están valorados no Anexo 11 do EsIA.
- Tres dos impactos arqueolóxicos identificados e valorados no devandito anexo cualifícanse como críticos (os que afectarían aos xacementos Madorra da Louseira -GA27006020-, Medorra de Cabeza do Río 1 -GA27006019- e Medorra de San Pedro 3 -GA27006034-), e outro cualifícase como severo (o que afectaría a Medorra de Cabeza de Río 2 -GA27006027-), con obras que levarían consigo importantes movementos de terras mesmo a carón dos devanditos xacementos para construír e acondicionar os viarios interiores do parque eólico. Todos estes xacementos figuran catalogados no PBA e, por tanto, tamén forman parte do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, en virtude do artigo 30 da LPCG. Amais as medidas correctoras que se propoñen considéranse insuficientes para garantir que non se afecte a restos arqueolóxicos ocultos vinculados a estas mámoas.
- Asemade as obras necesarias para construír as estruturas de montaxe das turbinas eólicas SF04 e SF05 situaríanse dentro dos contornos de protección subsidiarios (perímetros de 200 m) dos túmulos Medorra de San Pedro 2 -GA27006033- e Madorra da Louseira -GA27006020-. E o acceso de nova construción para SET, localizada preto da turbina eólica SF03, proxéctase a uns 150 m ao norte da Medorra de San Pedro 3 -GA27006034-. Asemade a turbina eólica SF04, situaríase dentro do contorno de protección Medorra de San Pedro 2 -GA27006033-, e a turbina eólica SF05 a 180 m ao sur Madorra da Louseira -GA27006020-. Ámbalas dúas máquinas situaríanse parcialmente dentro dos contornos de protección dos túmulos citados.
- A este respecto, considérase que todas as infraestruturas de nova construción deste parque eólico deberían mudar a súa posición cara fóra dos contornos de protección dos xacementos arqueolóxicos, e o deseño das vías interiores do parque tamén deberían garantir que non se van realizar movementos de terras nas áreas inmediatas aos xacementos arqueolóxicos localizados mesmo a rentes das devanditas vías.
- Segundo a información que consta nos arquivos da DXPC, existe unha discrepancia entre as denominacións e localizacións das mámoas da Necrópole de San Pedro e a Mámoa da Louseira e os datos que se achegan no estudo de impacto sobre o patrimonio arqueolóxico do EsIA. O túmulo GA27006033 aparece como Mámoa de San Pedro 2 na memoria técnica do Estudio de impacto cultural (Anexo 11 do EsIA) e tamén nos traballos de xeorreferenciación realizados por encarga da DXPC no ano 2019, pero se denomina como Madorra de San Pedro 3 nas fichas de inventario da DXPC. Este elemento non foi localizado na prospección arqueolóxica realizada para avaliar este parque eólico. No caso da Medorra de San Pedro 1 -GA27006032-, o estudo de impacto suxire que pode que non sexa un xacemento arqueolóxico, senón un afloramento



rochoso que se puido ir cubrindo paulatinamente por terra, de tal xeito que só a través dunha limpeza da vexetación e do perfil leste do elemento podería ser posible valorar si se trata dun resto arqueolóxico ou de algo natural polo cal no estudo rebaixase o seu nivel de impacto a moderado (así cualificado por estar protexido no PBA). No caso da referencia RE27006011 (Medorra de San Pedro 1), indícase que se trata dunha entulleira sobre un afloramento que puido ser confundida cun túmulo seccionado pola pista nun momento en que estivese cuberto por vexetación. Con respecto a estas dúbidas sobre a entidade arqueolóxica dos anteditos elementos, no estudo propónse que se revisen e considerar a súa eliminación dos catálogos. A este respecto hai que salientar que as comprobacións das entidades arqueolóxicas deberían realizarse con carácter previo á aprobación das obras solicitadas, especialmente, no caso da Medorra de San Pedro 1 (GA27006032) -dado que se vería afectado polas obras-, e a través da realización de actividades arqueolóxicas valorativas orientadas á súa comprobación. É necesario indicar que o devandito xacemento arqueolóxico figura protexido no catálogo do PBA, e en virtude do artigo 30 da LPCG tamén forma parte do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia.

- Respecto ao acceso ao parque eólico, non se describe a ruta fóra da poligonal, nin se concretan as actuacións que sería necesario realizar para acondicionar os accesos desde a rede de estradas xerais (rectificación de curvas, incremento de anchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc), polo que non se pode valorar se existen elementos do patrimonio cultural que poidan verse afectados por estas actuacións.
- No Anexo III (03), Estudio de efectos acumulativos y sinérgicos, apartado 8.2.8, Afección al patrimonio cultural y arqueológico, indica que as posibles afeccións indirectas non son significativas e remite ao Estudio de Impacto e Integración Paisajística (Anexo 02). Neste anexo achéganse simulacións infográficas (6) no apartado 6.4, Simulaciones Infográficas del Proyecto. Non obstante as infografías presentadas non permiten chegar a conclusións sobre o impacto visual das obras sobre o patrimonio arqueolóxico.
- No MDT (LIDAR) detectáronse dúas anomalías compatibles con explotacións mineiras antigas. Unha a media ladeira (coordenadas UTM ETRS89 29T X=650467, Y=4748587) ao NL do xacemento Rego das Minas (GA27006074). Trátase dunha posible fronte de mina de 0,8 ha (topónimo Valiña Pequena no catastro) e unha posible zona de depósito de estériles de 0,4 ha ao nacente (na parte baixa da estrada co topónimo Murias). A outra detectouse a 200 m ao NL do xacemento Monte Travesa -GA27006036-, Campa e Areal na toponimia da cartografía catastral, nas coordenadas UTM ETRS89 29T X=649933, Y=4747812, compatible coa posible existencia dunha corta mineira antiga situada a 60 m ao sur das obras proxectadas (un acceso de nova construción). Asemade no exame da fotografía aérea detectouse unha localización cos topónimos Coroa e Foio da Coroa (documentados na cartografía catastral), nun alto (o Monte da Chaira) situado a 860 m.s.n.m en coordenadas UTM ETRS89 29T X=649410, Y=4749127, a 230 m ao W do elemento Medorra de San Pedro 1 -GA27006032-, e compatible coa posible existencia dun asentamento fortificado.
- Asemade, é necesario ter en conta a natureza do rexistro arqueolóxico galego, moitas veces enmascarado por unha tupida vexetación, polo que non se pode desbotar a existencia de bens arqueolóxicos non detectados ate o de agora, que aínda que non estean recollidos en inventarios, son susceptibles de protección por configurar a paisaxe galega e caracterizar culturalmente o territorio. Polo tanto, considérase necesario o control e seguimento arqueolóxico das obras.
- Respecto do PS, os contornos de protección grafados nos planos de clasificación e ordenación -derivados da normativa urbanística en vigor no Concello de Becerreá- non teñen correspondencia co reflectido no PBA de Galicia, nin cos datos que obran na DXPC.

A DXPC dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver os informes técnicos e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte

INFORME

En atención ao expresado nos apartados anteriores, e desde o punto de vista da protección do



patrimonio cultural, considérase que tal e como están proxectadas as obras do Parque eólico Serra do Furco estas non son compatibles coa protección e a conservación do patrimonio arqueolóxico.

Por tanto, deberá modificarse o deseño do parque eólico para que ningunha das infraestruturas de nova construción afecten os xacementos arqueolóxicos identificados nin os contornos de protección destes (os aeroxeradores SF04 e SF05 e as súas infraestruturas asociadas retiraranse dos contornos de protección dos túmulos Medorra de San Pedro 2 -GA27006033- e Madorra da Louseira -GA27006020-; e o acceso de nova construción para a SET, retirarse fóra do contorno de protección da Medorra de San Pedro 3 -GA27006034-).

Asemade as obras de acondicionamento das vías de acceso e comunicación interna do parque eólico deberán garantir que non se van realizar movementos de terras nas áreas inmediatas aos xacementos arqueolóxicos que están localizados mesmo a rentes das devanditas vías (Madorra da Louseira -GA27006020-, Medorra de Cabeza do Río 1 -GA27006019-, Medorra de San Pedro 3 -GA27006034-, e a Medorra de Cabeza de Río 2 -GA27006027-), con obras que levarían consigo importantes movementos de terras mesmo a carón dos devanditos xacementos para construír e acondicionar os viarios interiores do parque eólico. De non ser posible isto último, buscaranse outras alternativas de acceso e circulación.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS DA XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

